LIMIAR

Eduardo Pardo de Guevara y Valdés
Director do Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento»

En decembro de 1932 celebrouse en Santiago de Compostela un dos acontecementos máis importantes para a historia recente de Galicia: a Asemblea de Concellos que aprobou o texto do primeiro Estatuto de Autonomía, que sería referendado por plebiscito, de acordo co que establecía a constitución da II República, en 1936. Grazas a iso, Galicia formou parte, cando se discutiu a constitución de 1978, das autonomías históricas, xunto con Cataluña e o País Vasco.

No arquivo do Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento» consérvase toda a documentación correspondente á preparación da Asemblea de Concellos, ao seu desenvolvemento e á súa continuación no Comité Central de Autonomía, encargado de organizar a consulta popular sobre o Proxecto de Estatuto aprobado pola Asemblea e, en caso de ser votado favorablemente, de presentalo ás Cortes para darlle carácter de lei.

No ano 2007 tivo lugar o 75 aniversario da Asemblea e da redacción do Estatuto, parecendo moi oportuno tanto recordar o acontecemento histórico, como facilitar o contacto coa documentación que se conserva no arquivo do Instituto a tanta xente non especialista pero interesadas na nosa historia recente. Antón M. Pazos, director do Departamento de Historia e Patrimonio, propuxo, e organizou, unha serie de actividades con motivo da efeméride, dende un ciclo de cinema do período republicano, a unha exposición documental, pasando por un ciclo de conferencias, que agora se publican neste volume.

O máis orixinal foi, dende logo, a exposición que se montou cos documentos máis salientables ou máis curiosos do fondo sobre o Estatuto de Autonomía, e que estivo aberta ao público, no claustro alto do antigo Hospital de San

Roque, sede do Instituto, dende o día 17 de decembro do 2007 –a data exacta en que se cumpría o 75 aniversario da Asemblea de Concellos– ata principios de xaneiro de 2008, momento en que empezou a súa andaina o Comité Central de Autonomía.

Non me vou deter en tratar por miúdo a importancia dos documentos expostos, cousa que se fai xa no primeiro traballo deste volume, no que dalgún xeito, Antón Pazos percorre todo o proceso de discusión e aprobación do Estatuto, baseándose –case un por un– nos documentos que se utilizaron para a exposición, que por algo levaba o título de «Itinerario documental».

Este fondo documental procede da doazón que fixeron, hai algúns anos, os herdeiros de Enrique Rajoy Leloup, promotor e secretario do Comité organizador da Asemblea de Municipios e secretario xeral do Comité Central de Autonomía de Galicia, por suxestión de Baldomero Cores, que tantas veces, e esta non foi unha excepción, colaborou nas actividades do Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento».

A exposición acompañouse cun ciclo de conferencias que agora publicamos e que mostran a plural realidade da Galicia republicana, realidade que, loxicamente hai que ver nunha perspectiva cronolóxica máis ampla, xa que a situación dos anos trinta se veu configurando dende había décadas. O traballo de Bernardo Máiz Vázquez sobre «Galiza entre Primo de Rivera e a II República. Unha achega» destaca precisamente a contradición entre o tópico da Galicia atrasada e a realidade dun territorio en pleno proceso de renovación e que estaba, en moitos aspectos económicos, sociais e culturais, por enriba das medias nacionais.

Emilio Grandío, en «Ventos de cambio: os partidos políticos na Galicia da Asemblea de Concellos (1932)» fai un notable esforzo para retratar a realidade política do ano 1932, en si, sen tinguila dos acontecementos posteriores, algo difícil de realizar nun período no que, como el mesmo subliña «segue a haber moita máis memoria que historia».

Xusto Beramendi, que moi recentemente publicou unha magna obra sobre o nacionalismo[1], condensa a súa experiencia sobre este aspecto da política galega en «O nacionalismo na Galicia da Asemblea de Concellos», dende os

[1] BERAMENDI, XUSTO. *De provincia a nación. Historia do Galeguismo político*, [Vigo], Edicións Xerais de Galicia, [2007].

precedentes inmediatos á actuación durante a Asemblea e nas datas inmediatamente posteriores.

Por último, Baldomero Cores, que é sen dúbida quen máis traballou o legado de Rajoy e a documentación da Asemblea de Concellos [2], reflicte toda a súa experiencia no seu traballo sobre «O proceso estatutario: da Asemblea de Concellos ó Comité Central de Autonomía», no que busca entrar na dinámica interna de funcionamento desas dúas institucións *ad hoc* que puxeron en marcha o proceso estatutario.

O ciclo completouse con dúas substanciosas –e entretidas– mesas redondas. Unha sobre «O Santiago dos anos trinta», con Isaac Díaz Pardo e Avelino Pousa Antelo e outra sobre «Protagonistas da Asemblea: Rajoy, Bóveda e Castelao» con Baldomero Cores, Uxío Breogán Diéguez Cequiel e Avelino Pousa, ademais dun ciclo de cinema republicano –e non só, xa que puidemos ver actuar a Castelao nunha obra de 1916– coordinado e presentado por Rita Martín, da Universidade de Santiago de Compostela.

Ademais de Antón M. Pazos, colaboraron directamente na organización das distintas actividades Rosario Valdés e Carlos Andrés González Paz, e, de diversas maneiras, todos os membros do Instituto. Quero rematar este prólogo agradecendo a todos eles –e a Néstor Rego, Tenente de Alcalde do Concello de Santiago e a Antonio Xavier Ferreira, Secretario Xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, polo seu apoio– a dispoñibilidade que tiveron para participar e os esforzos que denotan as súas achegas para que esta publicación constitúa unha boa síntese e un excelente modo de facer pervivir o recordo de 1932.

[2] Abondaría con citar os seus libros sobre *Enrique Rajoy Leloup. Un protagonista do Autonomismo galego*, Pontevedra, [Diputación Provincial de Pontevedra, 2005] e *O Estatuto de Autonomía de Galicia (1932-1936). Os documentos oficiais*, Santiago de Compostela, Foesga, 1998. Este último baséase precisamente na documentación conservada no Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento», onde se atopa agora grazas, como xa indiquei, á doazón feita polos herdeiros de Rajoy e propiciada polo propio Baldomero Cores.